

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Biología e xeoloxía 1º ESO

Curso: 2022/2023

CÓDIGO DO CENTRO: 15027976

IES Poeta Añón

Enderezo		C.P.
Rúa Poeta Añón 21		15230
Localidade	Concello	Provincia
Outes (San Pedro)	Outes	A Coruña
Tfno.	Fax	Correo electrónico
881866221	881866222	ies.poeta.anon@edu.xunta.gal
Páxina web	http://www.edu.xunta.gal/centros/iespoetaanon/	

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	22
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	23
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28

1. Introducción

¿ O I.E.S. Poeta Añón é un centro público de ensino que pertence ao concello de Outes e sitúase na parroquia e capital do mesmo, A Serra de Outes, conta con máis de cinco mil habitantes e unha superficie de 99,74 km². Esta localidade pertencente á comarca de Noia, atópase no suroeste da provincia de A Coruña e ocupa máis da metade da parte setentrional da Ría asociada ao río Tambre. Neste Centro Educativo impártese os 4 cursos de ESO e a ESA.

¿ As principais actividades económicas da poboación son as propias dun Concello fundamentalmente agrícola, gandeiro e marisqueiro; aínda que unha parte da mesma adícase á actividade industrial en serradoiros, en estaleiros e/ou na construción. Así mesmo, o sector servizos adquire certa relevancia debido, principalmente, ao empuxe hostaleiro e á promoción do turismo rural.

O Centro de Estudos posúe un carácter rural acorde coa procedencia do alumnado, que nunha porcentaxe moi significativa provén do propio Concello de Outes. Dito alumnado encádrase, fundamentalmente, nun contexto familiar de nivel socio-económico e cultural medio, que amosa preocupación pola educación dos seus fillos. A maior parte do alumnado procede do centro adscrito, o CEIP da Serra de Outes. Cabe sinalar que, en xeral, o alumnado desenvólvese con normalidade en galego e dispón de acceso a internet.

¿ Centro dispón dun edificio dotado dos seguintes espazos:

¿ 11 aulas para impartir as clases ordinarias:

¿ 8 aulas para cada un dos grupos de alumnado de ESO.

¿ 3 aulas para os desdobres en certas materias.¿

¿ 2 aulas de informática, que dispoñen de 15 e 17 ordenadores, respectivamente.

¿ Aulas específicas para impartir as materias de música e de debuxo.

¿ Un laboratorio que comparten os departamentos de Física-Química e de Bioloxía-Xeoloxía.

¿ Un aula taller de Tecnoloxía.

¿ Un ximnasio.

¿ Unha sala para o profesorado.

¿ Unha área dividida en 10 pequenas salas reservada aos distintos Departamentos Didácticos.

¿ Unha aula de convivencia ¿

¿ Área administrativa

Sala de usos múltiples: dotada de medios audiovisuais suficientes para realizar as diversas actividades do Centro.¿

¿ Unha Biblioteca: dividida en dous niveis comunicados por unha escaleira. A pesar da limitación de espazo, actualmente posúe unha notable dotación de libros e material audiovisual. Dispón, ademais, dunha zona con ordenadores dispoñibles para uso do alumnado.
¿

¿ Unha zona reservada a cafetería.

¿ Un amplo patio interior: dotado de diferentes espazos reservados a diferentes ambientes. Empregado para realizar actividades complementarias, para practicar o tenis de mesa durante os recreos, para gozar da lectura, etc.

¿ Un patio exterior de recreo: con pistas de balonmán, baloncesto e zona verde arborada con especies autóctonas.¿

Así mesmo, o Centro dispón dunha boa conexión á rede por cable e cobertura wifi, mellorada recentemente por mor da extensión do Programa E-DIXGAL aos niveis de 3º e 4º da ESO.¿

En definitiva, as instalacións do Centro contan cunha dotación suficiente de espazos, recursos e materiais para desenvolver con normalidade o labor docente.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos da área	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	1-2-5		4	2-3				4
OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	3	1	4	1-2-3-4-5	4			
OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.	1-2		2-3-4	1-2	3		3	
OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.			1-2	5	5		1-3	4
OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.			2-5	4	1-2	3-4	1	

Obxectivos da área	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.			1-2-4-5	1		4	1	1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Xeofera	Os minerais e as Rochas. A Dinámica terrestre e a teoría da tectónica de placas	18	20	X		
2	As fases fluídas da Terra	Atmosfera e hidrosfera	10	12	X		
3	A célula		12	10		X	
4	Os seres vivos	Monera, protistas, fungos, animais e vexetais	45	47		X	X
5	Os ecosistemas		15	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

Bioloxía e xeoloxía (1º ESO)

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
1	A Xeofera	20

Criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	TI	Explicar os procesos xeolóxicos implicados na formación das rochas	5
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	TI	Coñecer a relación entre a tectónica de placas e o relevo terrestre	5
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	TI	Identificar as zonas do planeta con maior actividade xeolóxica usando ferramentas dixitais, mapas interactivos	5
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	TI	Recoñecer os indicadores da actividade volcánica e risco sísmico	5
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	TI	Utilizar unha ferramenta dixital para expoñer os resultados dos proxectos ou actividades	5
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	TI	colaborar na realización do proxecto de xeoloxía	10
CA4.1 - Identificar e clasificar distintos minerais mediante a observación das súas características e propiedades.	PE	identificar e clasificar polo menos 10 minerais, coñecer algunha das súas propiedades	10
CA4.2 - Recoñecer diferentes rochas a través da súa clasificación en función da orixe e/ou dos minerais que as forman.	PE	identificar e clasificar 10 minerais	10

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA4.3 - Localizar rochas e minerais da contorna seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	TI	relacionar as rochas máis abundantes da contorna cos seus usos	5
CA4.4 - Describir a importancia dos minerais e das rochas na sociedade relacionándoos coas súas aplicacións na vida cotiá.	TI	Indicar algunha aplicación de minerais e rochas	5
CA4.5 - Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos identificando os principais impactos que causa.	TI	Indicar os impactos da minería sobre o medio	5
CA4.6 - Explicar a estrutura e a composición básica da xeosfera diferenciando as características xerais das capas que a forman.	PE	Recoñecer as capas que forman a Terra e as súas principais características	15
CA4.7 - Relacionar a litosfera e o movemento das placas coas estruturas xeolóxicas que se orixinan nos bordos integrándoas na teoría da tectónica de placas.	PE	Identificar as principais placas tectónicas, os seus movementos e os procesos xeolóxicos asociados	15

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
C1.1 - Estratexias para a elaboración do proxecto científico:
C1.1.1 - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.
C1.1.2 - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).
C1.1.3 - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.
C1.1.6 - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada
C1.1.7 - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.
C1.1.8 - Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.
C4.1 - Os minerais: características, propiedades e clasificación.
C4.2 - As rochas e a súa clasificación: sedimentarias, metamórficas e ígneas. O ciclo das rochas.
C4.3 - Identificación de rochas e minerais relevantes da contorna.
C4.4 - Aplicacións dos minerais e das rochas na vida cotiá.
C4.5 - Explotación sostible dos recursos xeolóxicos. Os recursos xeolóxicos en Galicia.
C4.6 - Estrutura e composición básica da xeosfera: codia, manto e núcleo.
C4.7 - Introducción á teoría da tectónica de placas.
C4.7.1 - A litosfera e o movemento das placas.

Contidos
C4.7.2 - Estruturas xeolóxicas nos bordos das placas.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
2	As fases fluídas da Terra	12

Criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	PE	explicar a formación dalgún dos fenómenos meteorolóxicos	5
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	PE	identificar polo menos 4 impactos humanos sobre a atmosfera e a hidrosfera	10
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	TI	Recoñecer os aparatos utilizados para a recollida de datos climáticos e recoller datos de parámetros climáticos, usando a caseta meteorolóxica	15
CA5.1 - Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico ou recursos dixitais.	TI	Elaborar un climograma con datos recollidos da caseta meteorolóxica	15
CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	TI	Relacionar o efecto da hidrosfera e atmosfera na formación da paisaxe e a súa alteración debido á acción humana	5
CA5.3 - Analizar as funcións da atmosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do efecto invernadoiro.	PE	Recoñecer as capas da atmosfera e a súa composición, a evolución da mesma	15
CA5.4 - Analizar as funcións da hidrosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do ciclo da auga.	PE	Recoñecer o papel da hidrosfera na aparición da vida	15

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA5.5 - Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio.	TI	Explicar polo menos 4 impactos humanos sobre a atmosfera e hidrosfera	10
CA5.6 - Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.	TI	Elaborar un gráfico cos procesos de edafoxénese	10

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
C1.1 - Estratexias para a elaboración do proxecto científico:
C1.1.1 - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.
C1.1.2 - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).
C1.1.4 - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.
C1.1.5 - Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.
C5.1 - A atmosfera. Composición e estrutura.
C5.1.1 - Importancia da atmosfera para a existencia da vida na Terra.
C5.1.2 - Impactos ambientais sobre a atmosfera. O incremento do efecto invernadoiro e a contaminación atmosférica.
C5.1.3 - O cambio climático.
C5.2 - A hidrosfera. Distribución da auga na Terra. Propiedades e ciclo da auga.
C5.2.1 - Importancia da auga para os seres vivos.
C5.2.2 - Impactos ambientais sobre a hidrosfera. Contaminación e xestión sostible da auga.
C5.3 - Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
3	A célula	10

Criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	TI	Explicar os 3 tipos de células con axuda de modelos	20
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	TI	Elaborar redacións sobre as funcións vitais das células e os seres vivos	15
CA2.1 - Facilitar a comprensión e a análise de información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoos de forma clara e utilizando a terminoloxía e os formatos adecuados.	TI	Distinguir os 3 tipos de células en base as súas características	15
CA2.2 - Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células indicando as características que os diferencian da materia inerte.	PE	Recoñecer as características dos seres vivos	10
CA2.3 - Describir a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos identificando as súas estruturas básicas e recoñecendo as súas funcións vitais.	PE	Debuxar ou facer modelos dos 3 tipos de células e identificar as súas partes	15
CA2.4 - Identificar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células empregando distintas estratexias de observación e comparación.	TI	Realizar unha preparación dunha célula vexetal e/ou animal e ser capaz de vela ao microscopio recoñecendo as súas partes	15
CA2.5 - Identificar os virus como entidades biolóxicas acelulares.	PE	Identificar as partes dun virus	10

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
C1.1 - Estratexias para a elaboración do proxecto científico:
C1.1.1 - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.
C1.1.2 - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).
C2.1 - Concepto de ser vivo.
C2.2 - A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos.
C2.3 - Estrutura básica da célula. Tipos de células: procariotas e eucariotas.
C2.4 - Funcións vitais:

Contidos
C2.4.1 - Nutrición: autotrofa e heterotrofa. A fotosíntese.
C2.4.2 - Relación.
C2.4.3 - Reprodución: sexual e asexual.
C2.5 - Observación e comparación de tipos de células ao microscopio e outros medios (vídeos, fotografías...) mediante distintas estratexias e destrezas.
C2.6 - Formas acelulares: os virus.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
4	Os seres vivos	47

Criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	PE	Recoñece as especies máis identificativas da contorna	5
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	PE	É capaz de explicar 3 características dos principais grupos de animais e plantas	10
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	TI	Utiliza guías e libros especializados para a procura de información	5
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	TI	Explica o proceso evolutivo	5
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	TI	Presenta informes sobre os seres vivos	5
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a	TI	Elabora cooperando cos compañeiros, actividades sobre os seres vivos	20

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	TI	Elabora cooperando cos compañeiros, actividades sobre os seres vivos	20
CA3.1 - Explicar as características que fan que a Terra sexa un planeta habitable.	PE	Recoñece 3 características da Terra que permiten a vida	5
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	PE	Identifica e Clasifica animais e plantas nas súas categorías taxonómicas	20
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	TI	Coñece as características principais dos 5 reinos	20
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	TI	comprende o proceso evolutivo	5

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
C1.1 - Estratexias para a elaboración do proxecto científico:
C1.1.1 - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.
C1.1.2 - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).
C1.1.3 - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.
C1.1.6 - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada
C1.1.7 - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.
C3.1 - A biosfera. Características que fan da Terra un planeta habitable.
C3.2 - Diferenciación e clasificación dos reinos monera, protocista, fungi, vexetal e animal.
C3.3 - Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas
C3.4 - As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...).
C3.5 - Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu).
C3.6 - O proceso evolutivo. Introducción aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
5	Os ecosistemas	16

Cráterios de avaliación

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	TI	Identifica os diferentes ecosistemas terrestres	10
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	TI	Busca información sobre os diferentes ecosistemas	15
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	TI	Relaciona o papel da sociedade no coidado do medio ambiente	15
CA6.1 - Coñecer os compoñentes dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles.	PE	Identifica as partes dun ecosistema e as súas relacións	15
CA6.2 - Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos facendo unha especial referencia aos ecosistemas galegos.	TI	Explica 3 características de cada ecosistema	15
CA6.3 - Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias para restablecelos e difundindo accións que favorezan a conservación medioambiental.	TI	Identifica a acción humana na degradación dos ecosistemas	10
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	TI	Diferencia entre un impacto natural e un impacto humano	5
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	TI	Recoñece noticias sen fundamento científico	5
CA6.6 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	TI	Coñece algunha figura legal de protección da natureza	5
CA6.7 - Propoñer e adoptar hábitos sostibles analizando dunha maneira crítica as	TI	Numera 5 hábitos que melloran a calidade	5

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.	TI	medioambiental	5

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
C1.1 - Estratexias para a elaboración do proxecto científico:
C1.1.1 - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.
C1.1.2 - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).
C1.2 - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.
C6.1 - Os ecosistemas:
C6.1.1 - Elementos bióticos e abióticos. Relacións intraespecíficas e interespecíficas.
C6.1.2 - Importancia da conservación dos ecosistemas, a biodiversidade e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible.
C6.1.3 - Exemplos da contorna.
C6.2 - Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas.
C6.3 - Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo os principios metodolóxicos propostos a continuación, tratarase de empregar os diferentes modelos metodolóxicos expostos segundo as necesidades.

Buscarase lograr a inmersión do alumnado nos contidos básicos dos diferentes bloques, potenciando a sinerxia que debe establecerse no proceso de ensino-aprendizaxe entre o profesor e o propio alumnado, procurando acadar un ambiente óptimo de reflexión que permita implementar un sistema eficaz de diagnóstico que posibilite acadar unha proxección de futuro satisfactoria para o alumnado, aumentando a súa potencialidade como persoa.

Modelo metodolóxico: Modelo discursivo/expositivo , Aprendizaxe cooperativa, Traballo por tarefas, Modelo experiencia, Traballo por proxectos, flipped classroom

Agrupamentos: Tarefas individuais, Grupo interclase, Gran grupo, Parellas, pequeno grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material e recursos

¿ Equipo informático EDIXGAL

¿ Libros de Texto e consulta

¿ Material propio

¿ Laboratorio

¿ Caseta meterorolóxica

¿ Patio e arredores

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros 15 días de clase faranse actividades para detectar o nivel do alumnado en canto a contidos da materia e tamén en canto a comprensión e expresión tanto escrita como oral. O resultado destas actividades permite descubrir se algún alumno vai precisar de actividades de reforzo.

Este alumnado será proposto na reunión de avaliación inicial para recibir reforzo en aula ou coa intervención de pedagogía terapéutica.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos na materia:

Unidade didáctica	Biología e xeoloxía						Total Prog.
	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total UA	
Peso UD/ Tipo Ins.	18 %	10 %	12 %	45 %	15 %	100 %	100 %
Proba escrita	50	45	35	40	15	38 %	38 %
Táboa de indicadores	50	55	65	60	85	62 %	62 %

Criterios de cualificación:

Realizarase como mínimo unha proba escrita por avaliación.

As táboas de indicadores úsanse para avaliar as prácticas, os proxectos e o traballo en clase

Criterios de recuperación:

As avaliacións non superadas, recuperaranse coa realización de traballos e exames

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Este curso non hai alumnado coa materia de bioloxía e xeoloxía de 1º ESO pendente

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non é necesario acreditar coñecementos previos nesta materia

6. Medidas de atención á diversidade

Está previsto realizar 4 reforzos en aula pola propia profesora que imparte a materia e probablemente unha AC a un neno que se incorpora a mediados de outubro ao centro e que polos informes leva anos cunha escolarización intermitente debido a problemas médicos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Compresión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual				X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X			X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visita ao museo Luis Iglesias	Museo de historia natural da USC, (2º aval)
Saída a un intermareal do concello	Recoñecemento de fauna e flora do intermareal (finais da 2º Avaliación ou principios da 3º)
Charla sobre morcegos	A Asociación morcegos de Galicia virá dar unha charla sobre a importancia destes animais e a necesidade de protexelos
Exposición sobre mulleres e ciencia	Exposición elaborada pola universidade de Vigo sobre mulleres científicas, o equipo de biblioteca elaborará un quiz que faremos dende a materia de bioloxía
Exposición sobre cogomenlos	A principios de novembro montaremos unha exposición cos cogomelos apañados polo alumnado cerca das súas casas

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Participación activa de todo o alumnado
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Combinación de traballo individual e en grupos
Capacidade de traballo autónomo por parte do alumnado
Utilización de diferentes instrumentos de avaliación
Eficacia nos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro adaptaranse as necesidades do grupo atendendo ás súas características.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación vai ser revisada periodicamente para a súa adecuación ás características do alumnado. A temporalización e as propostas de mellora serán reflectidas nas actas de departamento.